

Núm. 88

Tomo 8.<sup>o</sup>

# nós

CATILLAS



BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Ademinstrador

ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Horas, 20 — SANTIAGO

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00
Número solto	0'70

Este boletín non pubriquearé mais orixinás qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son do Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

S U M A R I O

Xoquín, POR RAMÓN CABANILLAS.

O Voto do Concello de Arbo na Festa de San Roque, POR ALFONSO VAZQUEZ MARTÍNEZ.

Leabhar Gabhála, Libro das Conquistas d'Irlanda (proseguimento)

Da Alemaña, POR VICENTE RISCO (proseguimento)

I M P R E N T A “NÓS”

Facturas - Estados - Libros - Revistas  
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Hortas, 20

SANTIAGO

Sto. Domingo, 47-2.<sup>o</sup>

Vicente Risco

Abogado

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIII



Ourense 15 de Abril do 1931



Núm. 88

X            O            Q            U            I            N

*Xoquín, in da pequeno,  
c os seus ollos de neno  
veu craramente o mundo e más a vida.  
E colléu seu camiño  
—o do seu corazón e o seu destino—  
sin medo a dente, frecha nin ferida.*

*Xoquín puxo seu gusto en camiñar  
o onde o levan os pes vai a cabeza  
mais seia besta ou home o que tropeza,  
Xoquín déixao pasar.*

*Como un varal de fento,  
un milleiro de follas velañas  
ten o seu pensamento.  
E como non dá rido,  
cando ceiba as folláñas  
a xente dí: «Xoquín non ten sentido».  
Porque todo o que mira o mira arrente,*

*non se dá conta á xente  
de que Xoquín ten ollos milagreiros:  
os dos santos, os tolos e os poetas  
que de todo o que brila fan luceiros  
e de todo o que voa volvoretas.*

*Nunca dos homes ó vivir noxento  
ten de tornar Xoquín,  
xa que a sua vereda non ten fin  
e está empedrada pol-o Esquecimento.  
Tal como é, é ditoso. Nada o mágoa  
e nin sabe de envexas, nin de dores.  
Todas as erbas, para él, son frores.  
pelras de luz todas as pingas de dgoa  
e todos os paxaros, reiseñores.*

*Din que é parbo Xoquín...  
Parbos son os que o din!*

RAMÓN CABANILLAS



## O VOTO DO CONCELLO DE ARBO NA FESTA DE SAN ROQUE

por ALFONSO VAZQUEZ MARTÍNEZ

Dende pequeno via na festividáde de San Roque ir o Concello en preno á ouvir a misa que na iglesia parroquial celebrábase pra cumplir un voto feito polos antepasados, cumplindo unha promesa que, en días de anguria e pesadume, habiase feito nun tempo lonxano e esquecido.

Tiven sempre desexos de saber o fundamento dese voto; saber en qué circunstancias se fixera; conocer todo o seu desenrollo e vicisitudes desde que se prometeu, hasta o día de hoxe. As noticias tidas da tradición oral, eran bastante escassas e deficientes; facían remontar a unha data lonxana de nós, sin poder percisar o dia nin o ano do mesmo.

À falla de máis datos precisos, decidín ir á fonte que mellor me poidera informar e no Arquivo Municipal d'ista parroquia e aumtamento, adiqueíme á investigar os datos que me deran máis luz.

O Arquivo, non vale gran cousa debido á perdas varias que tivo con saqueos, incendios e algo de abandono de parte de algúns autoridades, que o tiveron esquecido sin lle dar a importancia que teñen en si; pois encerran a vida íntima dos pobos pequenos.

Os documentos más antigos, remóntanse ó ano 1780, todos xuntos nun paquete que di: «Legajo de Reales Ordenes». Esta data é relativamente próxima pra a búsqueda de

iste asunto que, según as noticias que teño, remóntase ata o século XVI.

Nin n'iste legaxo; nin en todolos demás que hai ata o ano 1852, atopei dato algúñ, nin pequena indicación que me abrira o camiño pra ulteriores investigacións.

Chega ó ano 1852 e nunha sesión tida no mes de Agosto, o día 11, baixo a Presidencia de D. Antonio María Giráldez, aparece unha noticia concreta e terminante, en que xa nos fala da festividáde do señor Sán Roque.

Na dita sesión, o señor Presidente chama ós señores concexáis que concurran «a las diez de la mañana del día 16 del corriente a la Iglesia parroquial de ésta cabeza de Distrito, con objeto de asistir a la función, que éste Ayuntamiento, por voto, celebra anualmente al glorioso S. Roque».

Esta é a circular mandada pra a asistencia ó dito acto ós compoñentes, do concello; circular que, ó esaminala detidamente, suxire en nós varias perguntas, pois chámámos a atención que fale na dita convocatoria dunha celebración anual dos ditos votos e que dende o ano 1840, que é cando comenzañ a atoparse actas das sesións municipales, non teñamos noticia ningunha da celebración da dita festividáde.

Esta pregunta é resolta polos do mesmo concello ó engadir na dita acta do mesmo dia 11, «Que no se alcanza el tiempo en que haya sido echo, tanto que no hay documen-

to alguno en que conste, mas que la tradición y una costumbre nunca interrumpida hasta el dia.»

Isto que derradeiramente se fai notar na acta, sofre contradicción pola falla das noticias dos anos anteriores e por outros datos que máis adiante veremos.

O Alcalde fai ver á Corporación que os motivos pra facer ese voto deberon ser «poderosos», incitándoo a que o teñan en conta e que o cumplan con esactitude, pois así o prometeron.

Faise notar tamén neste acordo, que antigamente o Distrito ou Jurisdicción de Arbo, soilo constaba das catro parroquias: de Arbo, Barcela, Sela e Cabeyras, e o «Varrio del Cuarto de Mourentán», pero co a posterior división xudicial en que a cabeza de partido pasou de Creciente a Cafiza, engadirónse á Arbo, as parroquias de S. Cristo de Mourentán e Cequelíños, e atendendo á ista nova incorporación, dí o Señor Presidente «que si bien cuando debió haber sido echo el voto expresado este Ayuntamiento solo constaba de las cuatro parroquias (xa citadas); se agregaron más tarde al mismo las de Mourentán y Cenquelíños por cuya razón no dejan de estar obligados los Señores Concejales de ellas a cumplir con aquél, por cuanto fué colectivo y absolutamente echo por el Ayuntamiento de Arbo y no por cada parroquia de por si».

De ista maneira vemos nesta data o recoñecemento do voto feito polos antecesores en época descoñecida debido á falla de documentos; mais a Corporación desexando dar novo impulso e vigor ó citado voto, respetando a dita «oferta» acorda por unanimidade «se lleve a efecto bajo las mismas reglas antiguas y que están acreditadas por práctica constante» e sobre todo pidindo ó santo sirva de mediador co Omnipotente pra libertar o pobo «del mal de pestilencia del cual es especial patrono».

Unha vez reconocido o voto «el cuerpo municipal y cada señor concejal en representación de sus respectivas Parroquias por si y en nombre de los que le sucederán en la representación municipal acuerda ratificar y ratifica por medio de este acuerdo para siempre jamás, el voto expresado de

tener bajo las reglas que quedan consignadas en cada un año el día 16 de Agosto una función al glorioso San Roque en esta Iglesia Parroquial de Arbo.»

Queda, pois, feito de novo o voto que ó parecer fa camiño de desaparecer, e unha vez ratificado trátase de arbitrar recursos pra pagar os gastos que se ocasionen nese día, acordándose que cada señor concejal pediría esmola pola sua parroquia, dando conta á tempo da recolleita que fixera, pra que en caso de que houbera débeda completar ó que faltara o concello, repartido entre os mesmos que o compuñan, sin perxucio de que no sucesivo poideran arbitrarse do pago dos fondos municipais «si fuese admisible en ellos ésta clase de gastos».

Dicíamós ó primeiro que ista festa celebrábase «anualmente», e según «una costumbre nunca interrumpida hasta el dia», pero os feitos son outros, por tanto que non todos cumplían a promesa, a xuzgar polos acordos tomados na tan citada sesión de 11 de Agosto, en virtud dos que a Corporación quéríase e laméntase de que a Parroquia de Sela non ten concurrido coa sua procesión fai algunos anos, inorándose o motivo de ista falta, «por lo qual manda se le oficie excitando su celo para que cumpla con la obligación a que por el voto está obligada y de que no puede en modo alguno relevarla la interrupción arbitraria de la costumbre de algunos años á ésta parte».

Ó parecer, somentes a parroquia de Sela, faltaba ó seu compromiso, polo as demáis parroquias como Barcela, Cabeyras e Arbo, non deixaron nunca de concurrir coas suas procesións no dito dia, e ó notificarllles ista ratificación de voto rógalles que «continúen como hasta aquí lo han echo sin interrupción».

Ó Párroco de Arbo, que naquel tempo era D. Pedro Martínez, ofíciaselle no senso de que «disponga que la función religiosa de Iglesia se tenga con toda solemnidad».

A ista acta, que tantas noticias nos deu, sucedelle un novo iátervalo no que non se fai mención nas actas das sesións nin se consignaren nos presupostos, alcanzando iste iátervalo ata o ano 1855.

¿Cómo espricar ista falla de recordo e si-

lencio tan prolongado, dispóns dunha ratificación tan solemne?

Ó 15 de Agosto do ano 1855, lemos un acordo tomado sendo Alcalde D. Xaquín Vázquez de Puga, que debido á celebrarse o día seguinte a función de San Roque «dia en que según inmemorial costumbre» paga o Auntemento á festividá o dito santo por voto que lle ten feito «deben concurrir a la Parroquial de Arbo todos los señores concejales con tal motivo, quienes así ofrecen cumplirlo.»

Pasan outra vez catro anos, no que ningun se volve acordar do santo e nas autas do concello non se atopa nada que nos fale do cumplimento do voto, e disto modo chega a discusión dos presupostos do ano 1859 1860 en que atopamos como cifra presupuestada 300 reás que na discusión trátanse de votar abajo, e por fin eliminanse na sesión do 2 do mes de Natal de 1858 sendo Alcalde D. Xosé María Mosquera, fundándose en que non «figuraban en anos anteriores».

Catro anos pasaran somentes do acordo da celebración da festa e oito da ratificación do voto e atopámonos con istos concexás que non respetan o acordo dos seus antecesores pero con nova variación de Presidencia no Concello en sesión de 10 de Agosto de 1859 baixo a Presidencia de D. José López a Corporación acorda «asistir a la misa para que el santo sirva de medianero para con Dios y libre de todo contagio» fundándose iste acordo, no voto que «de antiguo viene observándose de costear la función de San Roque».

Verdadeiramente que non sabemos o que ocorría por aquel entonces na nosa corporación municipal pois cando se trata de discutir a consignación presupuestaria pra a festa bótana abajo e dispóns en vísperas da festas acordan celebrala encontrando outra anomalia más, que se observa ó dicir que «de antiguo viene costeándose la función» e en sesions anteriores facer constar que non se costease a función de San Roque por non figurar en anos anteriores; indicando todo isto que os acordos non tiñan forza ningunha de cumplimento por tanto que en cuestión de meses xa non se acordaban do que anteriormente se había determinado incu-

rrindo en contradiccións tan manifestas como as ditas.

No legaxo de documentos pertescentes ó ano de 1860 atopámonos con un cuadernillo de varias follas en que na primeira dinos «Ayuntamiento de Arbo—Año de 1860—Restablecimiento de la festividá de S. Roque en la iglesia parroquial de esta capital de distrito, la cual ha sido compromisada en el año 1855 a consecuencia de enfermedad epidémica».

Por fin e dispóns de tanta búsqueda de datos atopámonos con que eiqui dásenos a data da época en que se fixo o voto, época que coincide cunha en que toda Galicia estaba sofrindo as consecuencias de unha peste contaxiosa en que non foi somentes Arbo quen en circunstancias tales se lembrou de implorar a protección de S. Roque considerado na iglesia como especial patrono de toda crase de peste e males.

Por ista época, anos máis ou menos, como xa dixen era Galicia azoutada por unha peste que, en Sant-Iago, por exemplo, asolou bastante ista rexión como asimismo Pontevedra e outras comarcas más; non sendo estrano pois que nista desgracia buscárase protección pra se librar de somellante desgracia.

Niste legaxo de documentos de que fixemos mención temos unha gran cantidad de datos que amplían grandemente as noticias que sobor do particular necesitamos.

Pra mellor observar a marcha do restablecemento de ista festividá de S. Roque seguiremos punto por punto o texto íntegro do mesmo.

Hai unha folla encabezada disto xeito. Acta sobre la festividá de S. Roque que comenza eisí:

En la sala de sesiones del Ayuntamiento de Arbo a veinte de julio de mil ochocientos sesenta. Reunidos los señores que suscriben bajo la Presidencia del Señor Alcalde D. José López se llamó por este la atención de que este cuerpo municipal y las parroquias de Arbo, Barcela y Cabeiras habían consagrado en mil quinientos quince voto formal de celebrar la festividá de S. Roque en la iglesia de esta Capital por el alivio de una enfermedad epidémica que entonces atacara a

estos pueblos. La corporación persuadida de su compromiso que reconoce bien, apoyado por la gravedad de las causas y por lo tanto su observancia y cumplimiento de justicia y anhelan estimular del mismo a sus administrados y deseando dar vida a ese voto antiguo que casi yace en la obscuridad; acuerda restablecerlo y de nuevo formalizarlo en consecuencia que en el año actual se celebre la festividad de San Roque con la decencia que corresponde para lo cual invita a los pueblos expresados con el objeto de que se sirvan concurrir por si o por medio de sus encargados con las procesiones al punto de San Roque de este pueblo donde hay una ermita de este mismo nombre a fin de allí ser recibidos por la de la Iglesia parroquial de este distrito pasando, después, y en conxunto a la misma y asistiendo a la misa cantada que debe de celebrarse; que una vez los gastos de esta función no son abonables en presupuestos municipales según la práctica observada se abra una subscripción de particulares voluntarios constituyendo la promesa o penitencia que tengan por conveniente; que esta festividad se anuncie anualmente por edictos para lograr la concurrencia de gentes cercanas y lejanas; que las subscripciones se invitén cada un año para el ingreso de nuevos devotos, testando de la misma a los que fallecieren o presenten la separación y que de todos los gastos se unirá al expediente cuenta demostrativa de ellos, recaudándose de los subscriptores con la anticipación debida la suma que hayan consignado para lo que el Señor Presidente nombrará persona o personas que gratuitamente desempeñen este cargo. Así lo dispusieron y firman de que yo Secretario certifico.—José López.—José Gil.—Juan Simón.—Diego Ribera.—Juan Antonio Estevez.—Domingo González.—Juan Alvarez.—Juan Manuel Rodríguez.—José Vázquez Araujo, Secretario—firmado y rubricado.

Varias foron as causas que moveron o Concello de Arbo ó restabrecimento dunha maneira solene do voto, como na mesma alta da sesión se fai costar, tendo que facer notar que no ano 1860 foi un ano no que aconteceron varios sucesos, tristes uns, alegres outros, non extrañándonos pois que

escolleran a festividáde de San Roque pra conmemorar todo xunto.

Os sucesos á conmemorar eran dar grazias polos éxitos obtidos polo noso exército en terras africanas contra dos mouros; pedir protección contra unha nova peste, cal era a invasión do oidium que amenazaba seriamente a colleita do viño.

Istes eran, pois, dous motivos serios polos que os concexás quixeron facer solene por todos os conceitos, engadindo ainda máis outros motivos puramente particulares como eran o da colocación do retrato da sua Maxestade a raíña Isabel II, donación do Excelentísimo D. Lorenzo de Cuenca, Diputado a Cortes por iste distrito.

De todos istos feitos falaremos dunha maneira particular.

Seguidamente vamos á pór integro o programa dos festexos realizados nise dia en honor do señor San Roque.

«Programa de los festejos públicos cívico-religiosos que el Ayuntamiento Constitucional de Arbo acordó celebrar en 16 de Agosto de 1860, día de San Roque y aniversario de un voto antiguo que el municipio y parroquias consagraron por el alivio de una enfermedad epidémica que entonces atacó; como así bien en homenaje al Dios de los ejércitos por los triunfos alcanzados sobre el Imperio marroqui y la colocación del Retrato de S. M. la Reina en la sala Consistorial.

Se anunciará la función con repique ed campanas en la Iglesia parroquial de la Capital de Distrito en la víspera del día 16 con voladores y música que signifiquen la alegría y al mismo tiempo la dignidad tan necesarios en tales actos.

En seguida marchará la Corporación en pleno a la iglesia para asistir al «Te-Deum» en acción de gracias con música y voladores y seguidamente a la misa solemne del santo en la que predicará el distinguido y elocuente orador D. José Benito Collazo de la parroquia de Teis.

El Santo según el mismo voto antiguo y la costumbre que viene observándose será sacado procesionalmente por cuatro señores concejales hasta la capilla de San Sebastián.

Por la tarde la gaita del pais servirá de diversión al público por frente a la Casa Consistorial en cuyo punto, iluminado con faroles, habrá baile con música.

Mas que función profana se preferirá no escasear en nada en cuanto a la religiosa cuyos cultos serán con la pompa que es de apetecer en tales actos para interceder más el inagotable consuelo de la Divina Providencia en pro de todas las necesidades de la Iglesia y de la Monarquía.

Casas Consistoriales 1.<sup>o</sup> de Agosto de 1860.—El Alcalde Presidente, José López».

O dia 16 de Agosto celebrouse a festividá de San Roque con toda a esaititude cumplido fielmente o programa, según consta dunha certificación expedida polo secretario D. Xan Vázquez e firmada polo señor Alcalde, na que dí que efectuouse «con toda la solemnidad pompa y religiosidad que correspondía».

Unha vez rematados os cultos relixiosos, regresou a Corporación municipal á Casa Consistorial, e alí reunidos abriuse a sesión polo señor Alcalde, pronunciando un elocuente «brindis» relacioado coa reproducción do voto polas glorias alcanzadas polo noso exército en África, «para vengar el honor y el pabellón ultrajado por los bárbaros marroquies tributando un voto de gracias al Ejército y Generales que de victoria en victoria han conducido estos a aquel introduciendo la civilización tan necesaria como una de las mejores conquistas».

No desenrollo da sua oración, non se olvida dos seus compañeiros da Corporación, a quenes dá gracias por haber «contribuido coas suas luces a poder e a satisfacer no sobre cuestiós tan complicadas».

Faise renovación solene do voto, pidindo ó santo non soio protección pra as enfermidades do corpo sinón pra á peste que invade as prantas que ven sendo a miseria de istos pobos, fai sete anos atacados polo enfermedade do oídium na vide.

Adica fervorosas e calurosas gabanzas á laboura do Goberno, polos adiantos «en todas las artes y ciencias bajo un régimen de tan buena administración y al tutelar brazo de nuestra bondadosa Reyna».

Remata o seu discurso brindando polo

Diputado D. Lourenzo Cuenca, polas suas señaladas probas de amor dadas á istes pobos, e dá rendidas gracias polo regalo do retrato que preside a sala.

Dá un voto de gracias o «Señor D. José Benito Collazo por la felicidad de su panegírico «y aito seguido levado do seu entusiasmo e fervido patriotismo prorrumpió en vivas á Raiña, ó Duque de Tetuán, á Nación Española e ó Concello de Arbo.

Así remataron as festas que na honra do San Roque e no restablecemento do seu voto tiveron lugar en Arbo na data tantas veces dita.

Ó parecer, dispóis de un festexo tan soñole como o verificado, parecería que xa endexamais se esquencerían de celebrala como era debido, mais non foi así; varias e moi diversas foron as vicisitudes polas que pasou a festa, anos de grande pompa e solenidade; anos de grandes apuros económicos, nos que se cumplía con aquilo estritamente necesario; anos de esquacemento completo en aitas de sesions e en presupostos nos que non se consignaba ren.

Mais, antes de continuar a historia da festa de San Roque, sigamos tomando datos do citado cuaderno. A continuación transcribiremos o documento no que se comprometeron á cumplir o voto no dia 16 de Agosto de todos os anos.

«Los infrascritos relacionados y firmados nos asociamos y hacemos formal compromiso de afrontar cada uno lo que de buen grado ofrecemos para la función de San Roque que se celebra como aniversario de un voto antiguo en la Iglesia de la capital de este distrito municipal de Arbo para el año de 1861 llevando este compromiso el doble objeto de cumplir una penitencia que voluntariamente ofrecemos en obsequio al mismo Santo y consiste en marchar descalzos en el mismo día de la función desde la Casa Consistorial al templo para interceder mas y mas la protección del mismo Santo para con la clemencia divina con el fin de alcanzar del Señor su poderosa influencia benéfica en pró de todas las necesidades actuales de la Iglesia y de su Vicario el Sumo Pontífice lo mismo que para que nos vuelvan aquellas antiguas y vonanci-

bles cosechas de vino con desaparición de la enfermedad conocida con el nombre de oidium.\*

Encabeza a suscripción o señor alcalde cantidad de 40 reás, pondo debaixo o seu nome e firma e todos os pertesentes ó concello municipal ó lado da cantidad presupostada, puñan a verba voto pra indicar que eran eles os que tiñan que cumplir ca penitencia.

O esprendor que á festa se lle quería dar era tan grande, que os 1153 reás a que alcanzou a suscripción non eran suficientes e por iso vemos que como compremento a ita cantidad na discusión dos presupostos pra o ano 1861 en 1.<sup>º</sup> de Agosto de 1860 nos «presupuestos de gastos cap. IX. relación n.<sup>º</sup> 8», a corporación actual dispuxo o esaito cumprimento e maiores progresos da festivididade que tivera lugar unha suscripción voluntaria i-o presupuesto dunha partida pra aitos de necesidade si os fondos particulares non alcanzasen pra a festivididade, i-en consecuencia consignase a suma de 300 reás de vellón.

Istes 300 reás foron necesarios por canto que na presentación de contas o Concello, vemos consignados un libramento a favor de D. Basilio Pérez, n-aquel entón depositario, pol-a cantidad de 300 reás por gastos de festivididade.

Nos anos de 1862 e 1863, cumpliuse esaitamente co prometido habendo encargado n-este último ano á D. Basilio Pérez e os concexales D. Domingo Antonio Pérez e D. Pedro da Casa, pra que corran cos gastos da función.

No presupuesto pra o ano 1863, a consignación pra a festivididade ascende a 600 reás; foi aprobado en 4 de Novembre de 1862, pero ca condición de que o Concello xustificaria primeiro a necesidade do gasto.

En sesión de 21 de Xaneiro de 1863, baixo a presidencia do Alcalde D. Xosé López, foi tratada a custión da festivididade, e dispois de facer unha breve historia de todo o referente ó voto, fai ver a Corporación a necesidade de aumentar a consignación pra dita festivididade, pois «no se tiene solemnizado con la decencia que corresponde», facen-

do notar que son necesarios, pol-o menos, de 900 a 1.000 reás.

Unha vez exposto o caso á Corporación, ista acorda; que se eleve a testimonio do Señor Gobernador da provincia, pra que reconociendo a necesidade sírvase aprobar o voto antiguamente constituido, hoxe reproducido, e autorizar pra a festivididade de cada ano a cantidad de 600 reás, gravándolos ó municipio, como o ven facendo ata agora e ca diferenzia que resulte.

Nos libros de sesions do 64 e 65, non achamos nada novo, e o mesmo no 65 e 66, mais non así nos presupostos do 65 e 66, nos que a función de San Roque descende á 400 reás, si ben faise unha observación que nos di «que esta diferenzia no va en perjuicio de los servicios».

Unha vez que nos alcontramos n-esta época, xa non hai dificultade ningunha no tocante á celebración da festivididade que se celebra normalmente ainda que non sé fai mención nas aitas das sesions, pero, si, atópase consignación nos presupostos que n-o ano 1866 descende notablemente á 10 escudos con unha indicación de que esa cantidad é a bastante pra significar a festa de San Roque.

En anos sucesivos vai aumentando a cantidad no presupuesto e a festa vai adquirindo maior esprendor e solenidade, chegando á ser de maior importancia a parte profana que a relixiosa.

Como máis arriba declaramos, concurrian ó punto chamado San Pedro as procesións das parroquias cos seus guíons ó frente e presidindo o párroco da parroquia respetiva e o concejal da mesa. O chegar ó dito punto de San Pedro, na capela do mesmo nome esperaban unhas pol-as outras, e conforme fan chegando, facianse reverencias unhas as outras e ali agardaban pol-a procesión da Capital, que correspondía á parroquia de Arbo, que viña co Santo á cabeza o párroco de Arbo, o Alcalde (si e que era da mesma parroquia) e unha gran cantidad de pobo que acompañando a procesión da sua parroquia respetiva, viña á asistir ós festexos relixiosos.

Unha vez reunidas todas, volviase a formar nova procesión con todal-as parroquias

xuntas, que se encamiñaban á iglesia parroquial de Santa María de Arbo, donde daba comienzo a Misa e demais aitos relixiosos.

En cada procesión ía conducido o patrón da parroquia respectiva.

A hora pra se xuntar no citado punto de San Pedro, era sinalada de antemán, sendo de ver a presa que se dabán algunas parroquias pra ter o prurito de chegar pirmeiro que ningunha, habendo disputas por quén chegara pirmeiro ou non.

Iste ceremonial, fará cousa duns quince anos que non se verifica, e se fai a procesión cívica dende a Casa Consistorial con todolos concexás, presididos pol-o Alcalde, dous números da Guardia Civil, de gala, que fan escolta dispóns durante a misa e na procesión.

A ista procesión ainda acompaña unha cantidade bastante numerosa do pobo, que

## NÓS

faise solidario do dito voto e concorre ás ceremonias que teñan lugar no templo parroquial.

Como penitencia voluntaria que era, deixouse de ir na procesión e dende a casa do concello ata a iglesia descalzo.

A isto é ó que queda reducida a festa do San Roque na que adequiriu maior importancia a festa profana, como máis arriba teño dito, que a relixiosa reducida sómente a unha misa cantada con más ou menos solemnidade, e á procesión, facéndose algún ano que outro a novena.

Con isto creo que compretei o más que foi posibre a historia de iste pequeno asunto histórico, que tantas vicisitudes pasou no transcurso dos anos, suxeto como estaba ó criterio tan variado e diferente de todolos que pol-o concello pasaban investidos ca autoridade de Alcalde ou de concejal.

# LEABHAR GABHÁLA

LIBRO DAS CONQUISTAS D'IRLANDA

CAPÍDOO XI

A ocupación dos fillos de Mil

(Gabheil Chloinne Miledh)

(Proseguimento)

133. Houbo cinco reis no Egipto dend'o tempo do Pharaón Cingeris ata entón. Veleiqui os nomes:

Pharaón Cerres.	12 anos
Pharaón Armadis.	5 anos
Pharaón Rameses.	60 anos
Pharaón Amenoses.	40 anos
Pharaón Amenomes.	28 anos

Despois qu'o Pharaón Tures colleu o goberno do Egipto, e cando obtivo forza e poder, e cando os seus guerreiros se fixeron numerosos, lembrou a sua hostilidade e enemistade contr'a castimonia de Nel, fillo de Fenius, pol-o trato e convenio que Nel formara cos fillos d'Israel, antes que marcharan atravesando o Mar Bermello, e coma il-

collera os barcos de Pharaón, e non fixo raparía nin persecución nos fillos d'Israel coma cada un dos outros. Medraron entón ali rozamentos e contendas antriles por entrambas partes, tanto que os homes d'Egipto botaron a Stu e ao seu fillo, Eber Scot, con todo o seu pobo, fora do Egipto.

134. Iles avantaron, pol-o tanto, pol-o mar da sua patria nativa, Scythia. Scota, a filla do Pharaón Cingeris, nai de Gaedhal Glas, estaba co-iles na sua ancianidade. Cincuenta naos a sua conta, vintecatro parejas en cada nao. Navegaron despóis ao Mar Rubio, á illa de Taprobana, arredor de Sliabh-Riffe, car'o Norte, ata que chegaron á Scythia. Despoixas de tomaren terra n-a-

queila comarca, Scota, a filla do Pharaón, morreu antr'iles.

135. O qu'era rei da Scythia á sua chegada, era Noenbal, fillo de Baath, fillo de Noenbal, fillo de Fenius Farsaidh. Stu, fillo d'Eartu, morreu despóis d'esto, e Noenbal morreu de pestilencia n'unha noite. Entón, a caste de Noenbal, fillo de Fenius, e a caste de Nel, pelejaron pol-o goberno da bisbarra, ata que Eber Scot colleu o reinado dos fillos de Noenbal por meio da sua forza. Foi o primeiro rei da Scythia da raza de Nel. O rei Eber Scot, foi morto despóis d'isto por Noenius, fillo de Baath, fillo de Noenbal, fillo de Fenius Farsaidh.

136. Beoamain, fillo d'Eber Scot, tiña unha nemizade apaixoadas por seu pai contra o mesmo Noenius, tanto que s'ergueron violentas batallas e moitos combates entr'os dous; asina Beoamain tomou o reino a forza de loitar dende a Scythia á veira do Mar Caspio. Beoamain foi morto despóis na batalla d'Etarnadh por Noenius, e iste tomou o reino despóis, ata que morreu pol-a man d'Ogamain, fillo de Beoamain. Ogamain toma o reino despóis, ata que morreu de morte natural. Reffill, fillo de Noenius, tomou o reinado despóis d'isto, ata que foi morto por Tai, fillo d'Ogamain, por mor do reinado. Tai, fillo d'Ogamain, fillo de Beoamain, colleu o reinado ata que foi morto por Reffoir, fillo de Reffill. Erguéuse unha contenda antr'iste Reffoir e Agnomain, fillo de Tai, fillo d'Ogamain, por mor do reinado, e estiveron catro anos n'esta contenda, ata que Reffoir foi morto ao último por Agnomain.

137. Iste Reffoir fillo de Reffill, tivo dous fillos bós: Noenbal e Réffoir. Istes ergueronse juntos contra Agnomain, fillo de Tai, por mor do reinado, de xeito que non había paz entr'iles. Moitas batallas e combates tiveron lugar antr'iles, en contra do outro, de sorte qu'os fillos de Reffoir, fillo de Reffill, ao fin botaron ao seu parente Agnomain, fillo de Tai, con todo o seu pobo, fora da Scythia. Istes son os chefes que tivo: Eber, fillo de Tai, seu irmán; Elliot, Laimhfhind e Glas, os tres fillos d'Agnomain; Caicher o

druída e Cing, os dous fillos de Eber, fillo de Tai. Trinta navios contaban, tres ringlas en cada navio, dos que unha ringla eran mulleres.

138. Entón viajaron deica chegaren a illa do Mar Caspio. Detivérone alí un ano. Agnomain morreu alí. Despós foron ao mar de Libis; unha jornada de seis días de vran foron iles remando cara alá, dend'a illa do Mar Caspio. Atoparon unha fermosa e placenteira illa alí, Coronis seu nome; estiveron alí un ano e quarto. Glas, fillo d'Agnomain morreu ao cabo d'aquel tempo. Despós navegaron pol-o mar.

139. Istes eran os seus chefes: Elliot e Laimhfhind, os dous fillos d'Agnomain; por tal razón era chamado Laimhfhind, por mor de que as lámpadas ardentes non eran más lucentes qu'as suas mans de noite ao ir remando; Cing e Caicher, os dous fillos d'Eber, fillo de Tai. Foi Caicher o qu'atopou un remedio pra iles, contra os cantos das seixas cando iban pol-o Mar Caspio. N'iste mar había d'ises monstruos mariños coa feitura d'unha muller dende o embigo pra riba, escedendo a toda femenina forma en beleza e proporciós, con lucente cabelo marelo sobr'os hombreiros; mais a sua forma era de peixes dend'o embigo pra baixo. Elas cantaban un musical canto, sempre melodioso pr'a tripulación dos barcos que navegaban perto d'elas, tanto que caian no estupor do sono escotándoas; elas, despóis, atraguían as tripulacions dos navios cara elas cando as tiñan asina dormentadas, e devorábanas. Elas cantaron n'esta ocasión un pranxideiro canto a Laimhfhind co seu pobo, cando iles iban pasando, tanto qu'a flota detivose calada a ouvillas na superficie do mar. Caicher deprendeuños a derreter cera e pola nos ouvidos pra que non poideran ouvir o coro das mulleres do mar. Así o fixeron.

140. Cando s'houbieron ceibado da mísica das seixas pol-a industria de Caicher, navegaron ao longo do gran Océano do Norte, e estiveron por espazo d'unha semána derivando por il, sufrindo fame e sede, ata que non acadaron a punta norte de Sliabh

Riffe. Atoparon ali unha fonte co gosto e satisfaizón do viño, tanto que se fartaron d'il ata que estiveron bêvedos. Durmiron despóis, e estiveron n-aquil lugar tres días con tres noites, ata que Caicher Iles dixo, profetizándolle: «I aill Ara»; que é: «Nonos hemos deter ata chegarnos á nobre illa d'Irlanda». «Ond'está Irlanda?», dixo Laimhfhind. «Máis longe de nós que Scythia; e non chegaremos nós a ela, senón os nosos fillos d'eíqui en trescentos anos.»

141. Despós marcharon pol-o mar ata chegaren ao Gaethlaighe; detivérонse n-esta terra. Un nobre fillo nacéralle a Laimhfhind, fillo d'Agnomain, ali chamado, Eber Gioullobranc. Outro fillo nacéralle a Ealloths fillo d'Agnomain, Eber o Negro, sen nome. Ao mesmo tempo naceron istes rapaces no Gaethlaighe. Foron os bisnetos d'iste Eber Gioullobranc, fillo de Laimhfhind, chamado Noenel, fillo de Fecri Glas, fillo d'Aghnon o Branco, fillo d'Eber Gioullobranc, e o neto d'Eber o Negro, fillo d'Elloth, fillo d'Agnomain, chamado Taithechta, fillo de Tetreich, fillo d'Eber o Negro os que gobernaron juntos no Gaethlaighe. Trescentos anos estivo a castimonia de Gaed heal no Gaethlaighe, dende o tempo en que Laimhfhind, fillo d'Agnomain veu ali ata que Bratb, fillo de Death a deixou.

142. Entón iste Brath, fillo de Death, fillo d'Erchaindh, fillo de Nuadha, fillo de Noenes, fillo de Fecri o Verde, fillo d'Agnon o branco, fillo d'Eber Gioullobranc, fillo de Laimhfhind, fillo d'Agnomain, surtiu de Gaethlaighe pol-o mar, despós da morte dos seus anteriores. Corenta anos contaba. Navegaron por Creia a Sicilia, deixando Europa á dereita, ata que chegaron á Hespania. Iste eran, pois, os seus chefes: o mesmo Brath; Occe e Uicce, os dous fillos d'Elloth, fillo de Noenbal, fillo de Neimheda, fillo d'Elloth, fillo d'Oghamain, fillo de Tothechta, fillo de Tetreich, fillo d'Eber o Negro, fillo d'Elloth, fillo d'Agnomain, fillo de Tai, fillo d'Oghamain; Mantan, fillo de Caicher, fillo d'Ercadh, fillo de Caomtecht, fillo de Soet, fillo de Mantan, fillo de Caicher o

druida, fillo d'Eber, fillo de Tai, fillo d'Oghamam.

143. Tres batallas foron rifadas por iles despós que chegaron á Hespania; a batalla contr'os Toisiona, a batalla contr'os Bachra, e a terceira batalla contr'os Lombardos. Unha pauliña caiu riba d'iles despós d'isto, que a tripulación de dous navios, mandados polos chefes Occe e Uicce, morrerón, senón foron dez qu'escaparon, mandados polos fillos dos dous devanditos chefes, chamarados En, fillo de Occe e Un, fillo de Uicce.

144. Un fillo lle naceu a Brath, fillo de Death, despós d'estar na Hespania, Breoghan seu nome. Foi criado ata que foi dispuesto a coller as armas. Brath morreu despós de un tempo, e Breoghan colleu o principado despox d'il. Entón erguerónse contendas e discordias, rifas e disputas antr'as varias razas da Hespania e a tribu de Gaedheal, tanto que moita batalla e escaramuza houbo antr'iles. Non embargante, foi Breoghan cos seus soldados e pobo, quen saiu vitorioso en todolos combates e sua foi a vitoria, tanto qu'as tribus da Hespania foron sometidas a il ao cabo.

145. Despois, unha cibdade foi fundada por Breoghan na Hespania, Brigantia seu nome (1), e unha torre foi ergueita por il no frente d'ela, que é chamada Torre de Breoghan (2). Unha placente e deleitosa morada, e un lugar pra velar e vigiar era aquelo. Na-

(1) Non colle dúbida qu'esta cibdade de *Brigantia* estaba no litoral Norte de Galicia. É a *Brigantia* ou *Brigantium* das fuentes clásicas, que dan nome á tribu *bergantinos* e seguramente á terra de *bergantinos*. Sabido é qu'os comentadores localizan en Betanzos. Ora, as verbas seguintes do *Leabhar Gabhala*: «unha torre que foi ergueita por il no frente d'ela», ou seja, no frente da cibdade, semella que favorecen máis a localización na Crux.

(2) Esta torre de Breoghan (*Tor Breoghan*) é a que despox foi chamada Torre de Ércoles. Sabido é qu'esta torre é disenhada nas fontes antigas e ainda nos mapas medievais co nome de *Faroa Brigantina*, ou seja Faro da cibdade ou do porto de Brigantia ou Brigantium. Por inflaxos neoclásicos, despox, viu Ércoles poser no canto de Breoghan, verdadeiro construtor da Torre asegún as antiquísimas tradicións recollidas no *Leabhar Gabhala*. As fontes más antigas favorecen polo a sua atribución ao fundador de Brigantia, cuyo nome está ademais relacionado co de Breoghan.

ceron fillos a iste Breoghan despois na Hespaña; istes son os seus nomes: Bregh, Cualla, Cuailnge, Blad, Fuad, Muirthemme, Eble, Nar, Ith e Bile.

146. Pra comemorar e ostentar a historia de Gaedheal e a sua caste, o seguinte poema foi cantado; —Giolla Calomhghin o compuxo.

- a Gaedheal Glas, de quen veñen os Gaedhil —  
é o fillo de Nel de grande opulencia  
era forte no Oeste e no Leste,  
Nel, fillo de Fenius Farsaidh.
- b Dous fillos tivo Fenius, verdade digo,  
Nel noso pai, e Noenbal;  
Nel naceu na torre, no Leste,  
Noenbal na Scythia de puro escudo.
- c Nel, fillo de Fenius, que non era manco,  
marchou ao Egipro ond'ao Pharaón;  
na terra d'Egipro despois d'iso  
naceu Gaedheal noso pai.
- d Stu, fillo d'Easru, fillo de Gaedheal,  
noso anterifo, de ledo hóspede,  
foi as Norte á sua casa  
sobr'o seo do Mar Rubio aceso.
- e Cincuenta naos a conta da sua hoste  
que navegaba pol-o gran Mar Rubio  
baixo cada cuberta permitense  
vintecatro parexas de casados.
- f Principe de Scythia era brillante tidos,  
do mozo cujo nome é Noenbal,  
que morreu na sua casa longe  
cando chegou a tribu de Gaedheal.
- g Eber Scot foi rei dos campeóns  
sobr'os fillos de Noenbal  
ata que sen tenra compasión foi morto  
por Noenius, fillo de Noenbal.
- h Despois o poderoso fillo d'Eber  
cujo justo nome era Beoamain;  
á beira do Mar Caspio rei se fixo  
ata morrer de Noanios pol-a man.
- i Noenius, qu'era fillo de Noembal o forte,  
tomou a Scythia de manchado escudo;  
o perfeito rapaz chefe caiu  
por man d'Ogamain fillo de Beoamain

- j Oghamain despóis príncipe foi  
despóis de Noenius, o de boa forza;  
tanto que morreu já co-a cabeza branca  
e despóis foi o reino de Reffill.
- k Despós d'isto tamén Reffill foi morto  
por man de Tai, fillo d'Oghamain;  
Tai morreu, seguro crime, que non era floxo,  
pol-a man de Reffloir, fillo de Refill.
- l Reffloir e Agnomain sen chata  
catro anos levaron en loita  
ata que Reffloir o grorioso morreu  
diante do fillo de Tai, diante d'Agnomain
- m Noenes e Reffloir c'unha lanza,  
os dous fillos de Reffloir, fillo de Reffill,  
botaron a Agnomain fora  
pol-o gran verde e ledo mar.
- n Bós, os chefes que foron despós d'il  
que viñeron da Scythia—,  
Agnomain, Eber sen deshonra  
os dous fillos de Tai, fillo d'Oghamain.
- o Elloit, Laimhfhind, Glas, valente e prudente,  
os tres fillos d'Agnomain o moi reuto  
Caicher Cing, sona con vitoria,  
os dous bós fillos d'Eber de estrana rapideza.
- p O seu número, corenta naos  
vindo riba das tristeiras olas  
tres ringlas cada nao d'iles  
e unha ringla d'iles, mulleres.
- q Agnomain morreu, seu chata,  
no estreito do gran Mar Caspio;  
o-lugar ond'iles estiveron un ano  
ond'iles atoparon un gran misterio.
- r Iles chegaron ao cheo mar de Libis,  
unha navegación de seis días de vran inteiros;  
Glas, fillo d'Agnomain, que non era probe,  
morreu ali en Coronis.
- s Unha fermosa illa ali atoparon  
no mar de Libis, de héroes mozos  
unha estación e un ano, con sona  
a suá residenza n-aquil sitio.

- t Navegaron no mar, un lucente feito,  
dous días e duas noites;  
o resplandor das mans de Laimhfhinn brila  
com'as más fermosas candeas.
- u Catro chefes tiveron que non foron probes,  
vindo ao mar de Libis;  
Elloth, Laimhfhinn, seña por vos contado,  
Cing e o seu irmán Caicher.
- v Foi Caicher quen atopou pra iles un remedio  
pra o engado das mulleres do mar.  
De xeito que Caicher iles dixo  
que puxeran cera nos ouvidos.
- w E Caicher de brillante perfeizón  
quen iles fixo unha profecía,  
na montaña de Riffe, no cumbe  
«Non hai repouso pra vos deica Irlanda».
- x «Ond'está esa sobrime Irlanda?»  
dixo o brillante e fero Laimhfhin.  
«Moi longe de vós», dixo ali Caicher,  
«non chegarán, senón os vosos cartos fillos».
- y Iles adiantaron no seu bataleón con veneno:  
ao Sol máis alá da punta de Riffe—  
os fillos de Gaedheal con furia—  
ata qu'ocuparon o Gaethlaignhe.
- z Un noble fillo naceu ali  
a Laimhfhind, fillo d'Agnomain.  
Eber gioullo-branco, de crara coor,  
pai d'Aghnón, abó de Feibri Glas.
- a' A tribu de Gaedheal o héroe blanco  
tres centos anos botou n'aquela terra;  
cultivárona dend'entón  
ata qu'o vitorioso Brath foi nado.
- b' Brat, bon fillo do forte Death  
veu a Creta, a Sicilia,  
corenta naos a sua gente.  
Foi por diante da Europa, á Hespaña.
- c' Occe e Uicce sen medo,  
os dous fillos de Elloth, fillo de Noenbel,  
Mantan, fillo de Caicher, Brath o propio,  
istes foron os seus catro chefes.

- d' Fortes os héroes qu'ali vifieron,  
a tribu de Gaedheal de azues vestes  
pol-a força do valor, por esforzo  
Iles rifaron tres batallas na Hespaña.
- e' Iles unha batalla ben sonada  
rifaron contra a hoste de Toisen;  
unha batalla contr'o Bachia,  
e unha batalla contr'o Lombardos.
- f' Foi dispois a disgraciada batalla  
qu'a plaga d'un dia ven a iles;  
a gente das naos do fillo d'Elliotti seu chata  
morreron quitando dez homes.
- g' Un e En escaparon da disgracia  
os deus bos fillos dos fortes chefes;  
despois que Breoghan foi nado  
pai do forte Ith e de Bile.
- h' Rifaron moitos combates e batallas  
contr'as numerosas hostes de Hespaña,  
Breoghan venceunas, qu'era o campeón,  
por il Brigantia foi fundada.
- i' Dez fillos de Breoghan sen medo:  
Brea, Fuad e Muirthermoe,  
Cuailngen, Cuala, Blad coma  
Ebhle, Stli, Nar e Bile.
- j' Bile, fillo de Breoghan de forte valor,  
de quen era fillo Mil  
que foi cabeza de príncepes e tribus  
da nobre raza do forte Gaedhil.

147. Un soado nobre fillo naceullle a iste  
Bile, fillo de Breoghan, na Hespaña: é Go-  
lam. Foi criado deica que podeu levar as ar-  
mas, nas artes de valor e guerra, antre tuto-

res de todo ensenho, ata qu'il sobrepasou aos  
mozos do seu tempo en esperteza e valor e  
total-as artes e ensinanzas.

(A seguir)

Xa apareceu

## O DERRADEIRO AMORE

Novela, por Aurelio Ribalta

# D A A L E M A Ñ A

POR VICENTE RISCO

## *H. — O RHIN.*

(*Proseguimento*)

Hai eiquí, com'en todal-as universidades alemásas, infindas asociaciós d'estudantes, das que os membros levan coma distintivo as suas gorras: gorro inglés com'os grooms, posto de lado; gorra de plato; képis dobrado co-a bisera ergueita, que é o que mais raro fai. Hai asociaciós moi antigas e ricas, compostas de poucos membros, e moitas posseen manifeca casa propia. O oujeto principal é divertirense. Son as tan soadas asociaciós escolares, do tempo do *Gaudemus* e do latín macarrónico, unha das cousas nas que vive ainda a antiga Alemaña prebismarekiana. A Bonn ven estudar moita gente no semestre de vran, por ser eiquí moito mais divertido que n-outros lados, de sorte que no vran medra a Universidade n-uns 8.000 estudantes. Din que cada vez estuda mais gente e hai mais tidoos académicos, o que já escomenza a ser un problema. Semella qu'anque traballan, tamén se divirten e pasan o tempo de calquera xeito.

Tamén entrei n-unha aula grande, con bancos e pupitres, aparello de proieuciós, telón branco, mesa professoral e encerado. N-ela había estudantes lendo. N-estas aulas é a *Vorlesung*, na qu'o Profesor esprica, case sempre leendo un libro qu'estea escribindo, e en todol-os cursos trata temas diversos. Os estudantes escóitan; se lles non gusta o qu'o profesor di, arrastran os pés; se lles gusta, patean. Os profesores, cando reciben mos-

tras de desaprobación, solen cambear abelenchosamente, ou espricar o que dixerón.

Ora, iste utillage centifeo custa un diñeiral. O presuposto d'unha Universidade con todo o seu material, seminarios, laboratorios, museus, bibliotecas e dependencias de toda caste, é fabuloso; os profesores cobran enormes soldadas, e láyanse de cote de non teren d'abondo nos seus seminarios, pra os seus traballos.

### O RHIN.

Era ja tarde cando chegamos á beira do Rhin. Unha gran ponte de ferro cruza d'unha pr'a outra banda. Baixamos á beira do río e estivémos considerando. É largo d'uns cinco centos metros e vai antre vizosas orelas de apretado verdor. Río un pouco civilizado demais. E ningunha outra cousa pudo dicir d'iste río famoso, no que non chegou a ~~mojo~~ o layo de Loreley.

### CONVERSAS.

Voltamos á Krankenhaus. Van chegando os amigos do Prof. Martínez Santa Olalla. Pirmeiro con moito cuidadio por mor das monjas; mais despois já vai rubindo o barullo, funciona o gramófono, etc.

Istes hespañois están poseídos da superioridade da sua raza, e cecais vaian atinados; pol-o menos, fan ben. Din qu'o que nos falla

a nós é método, sistema, orgaización, persistenza; que co-estas cousas eiquí estás enormemente facilitado todo. Somentes teño unha objeción que facer: nós seremos, se cadra, mais capaces qu'os alemás intelectualmente; mais non colle dúbida de que somos incapaces de método, de sistema, d'orgaización, de persistenza. E non penso que seña falla d'hábito, senón tara racial. E tampouco colle dúbida de qu'iles obteñen mais resultado coesas cousas, que nós co-a nosa pretensa superioridade.

Istes hespaños pensan, en geral, mal dos alemás. Din que teñen pouca cabeza e qu'o fan todo a forza d'apricación; que por dentro son perfeitos bárbaros, non tendo mais qu'un barnis de civilización por afora; que son moi finos e corteses, pro moi intresados, que cobran por todo, que compre tratar moito as cousas enantes de nada, por mor dos prezos, que de cote se consideran con dereito pr'esprotaren ao estrangeiro, etc., etc. Tampouco atopan a cencia alemá tan fundamentalmente seria coma semella; refiren tremendos erros d'hispanistas de gran sona, e outras ligeirezas dos sabios d'esta terra. E' certo; mais o qu'acontez, é que nós vimos estudar co-iles e iles non veñen estudar conosco.

Ora, verdadeiro é que na Hespaña quer haber certos pulos de vida nova, que non sei onde chegarán.

E rematou a sesión e despedinme tristeiro d'esta leda pouxa no meu camiño. Muñoz e Prieto viñeron comigo deixa o Rote Kane.

#### ABREISE.

Cenei, durmin, erguínme, arranxeime, almorcei, paguei e sain. Aos tres cartos d'ho-

ra baixaba do carro eléctrico ond'a Catedral de Colonia. Velvina visitar. Despoixas, na estación, arranxei todo e metinme no *Schnellzug* das 11'05 horas pra Berlin.

#### NACH BERLIN.

Todo o qu'eu podo lembrar do camiño, indo no *Schenellzug*, é o seguinte:

Un wagón de 2.<sup>a</sup> cómodo e con pouca xente. Unha parexa, home e muller, il boa facha e elegante, ela fea de gana e recomposta, posibelmente israelita, do tipo israelita de face achata e coma esmagada c'un mazuco dun carpinteiro, e ainda asina, presumida com'o demo, botando a cada paso mán do espello, e moi afeita ten qu'estar a se ver n'il, pra non coller medo de si mesma.

Essen, Dostmund, Hannover, moita frábica e construcción industrial, ferrollos de todas castes. Casas alemás, todas con estilo e caraute, aunque señan d'estilo moderno. As casas, com'os homes, teñen raza.

Despois: campos longos, longos, longos, chaos com'a palma da mán, rasos de todo, en tiras alongadas, verdes ou da coor da terra, sen albres, anacos de bosque que se perden de vista; nalgúns sitios, moitas vacas pintas, brancas e negras; algunas aldeñas moi pequenas, teitos de colmo; algúns home arando c'un cabalo; grupiños de catro ou cinco homes ou mulleres d'arrastro no chao.

Vilas grandes e fermosas, con casas ben feitas d'estilo que pode pasár, sempre de tipo germánico.

Se non pode un decatar ben das cousas, non porque un non-as vexa ben, senón pol-o supetamente que se suceden as imaxes. Fica todo n'unha grande imprecisión. Asina, d'iste viage somentes me fican nubens no espírito apenas coorexadas de gris, verde e terroso.

## III.—BERLÍN

## ZOOLOGISCHESGARTENBANHOF

Estou no curazón de Berlin, n'unha estación chea de gente e de movemento, onde todos andan apresa. Ainda hai sol e todo somella ledo e riseiro.

Nova decepción: o Fernández Armesto non parez pol-o andén. Estou soilo en Berlin... Baixo cos mues bagages, vou andando adispasio a ver se vexo alguén coñecido, deica o *Ausgang*. Baixo todo triste, e atópome n'unha plaza onde voan automóveles e carros eléctricos, onde semella qu'a cibdade inteira ven contra d'un pra esmagalo aixiña.

Non vexo autos, mais descubro de súpito unha cousa estraordinaria: é unha sorte de berlina imensamente vella, tremendamente arcaica, d'estampa de comenzaos do século pasado. Ten a capota baixada por atrás, a metá d'adiante de cristais, no pescante un mayoral manífeço, un vellín pequeno, de bigotes e perilla brancos, vestido c'unha sorte de frac verde reberetado d'ouro, abotoado d'ouro deica o pescozo, coberto c'unha chisteirinha baixa galonada d'ouro e con escarapela negra. Un mayoral tamén d'estampa, irreal de tan inactual, que tangue un cabalo histórico que fai clap, clap, cas ferraduras no asfalto.

ledo do achádego, boto os equipages na berlina, e dou ao vellín o enderezo da Pensión Latina, Rankestrasse, 6.

Despois dixéronme que n-un coche d'istes, entrou en Berlin, hai pouco. Ramón Gómez de Laserna. Mais eu non-o sabía. Fun contento na berlina aquela que tan gentil avanzaba por antr'a maré de modernidade. Consigo iba o tempo todo dos Hohenzollern. As grandes cibdades conservan ás veces o pintoresco conquistado na indifrencia banal dos seus avances, pra consolo imprevisto do viageiro espiritual.

Non istá longe, Rankestrasse; mais com'o vehículo non vai apresa, pódolle coller o gusto no meio da baraunda que m'axorda e m'impón. Endejamáis me sintin tan estran-

geiro nén tan badoco, doorosamente badoco d'ista volta, pol-o feble que m'achaba d'esprito.

## PENSION LATINA

Parou a berlina prehistórica diante d'unha casa de boa apariencia. Había letreiro na porta, indicativo de qu'a Pensión Latina estaba no derradeiro andar. Subín, chamei, e apareceu o Sr. Olivar, moi fino e falagueiro, de gafas e cabelo branco, dono da pensión.

Ten unha cámara con duas camas, de 10 marcos, que me deixará en 7.

A cámara é moi boa, un pouco cupleteril. Ten duas finestras sen contras, con doble vidreira, cortinas e stores. Os móbiles están pintados laca branca: hai unha mesinha redonda con tapete, outra mesa con tapete arrimada á parede, dous taboletes e unha cadeira, gran almario, gran estufa de louza branca, leitos gemeos con «chaise-longue» aos pes, e lavabo empotrado con auga quente e fría; antr'as finestras, gran espello con repisa abaixo.

O Sr. Olivar ten un gran *comptoir* con immenso mostrador. Amostroume o salón, onde ten jornais hespañois e sudamericanos, e o comedor, onde sirve cocida hespaña por 3'50 marcos.

Digo que si a todo, vuome á habitación, lávome, aféitome, e namentras entras un criado madrileño e unha criada alemá, e mudan a roupa da cama. Sábenas presas con botós a un edredón delgadiño e outro edredón porriba; a cabeceira subida a un enorme cadrante. Hai duas mesas de noite, e n'unha, un fermoso orinal en figura de cunquía de chiculate.

Cando salgo pra ir jantar, aparecen no pasillo o Tobío e Fernández Armesto. Ja se pode comprender o que pasou, e coma, namentras ceábamos unha fabada asturián e bebímos viño, fun eu quen tivo que falar de com'iban as cousas en Galiza.

## PRIMEIRAS IMPRESOS

Fumos logo a un café, ond'o Zoo.

Un café moderno e elegante, disposto com'un teatro, con palcos escalonados, cheos de mesiñas con mantel, cinceiro, e caixa de mixtos posta n'un chisme especial de prata. Cadeiras e butacas de salón. Nas mesas moitas mulleres semielegantes, pintadas e fumando pitos e homes polo geito. Pasan camareiras e grooms vendendo pitos e bombóns. No fondo, n'unha sorte d'escea, toca, de cando en cando, unha orquesta. O decorado é de madeiras barnizadas con incrustacións, e a luz disposta en barras.

A gente semella que se quer divertir moi e que s'aborrece cansa de todo. A sensación é de podremia e pesa no fondo do estámego.

A isto engádese que o Fernández Armesto e máis o Tobío puxérónse en comunistas e rusófilos. Pouco máis menos, din a coro o seguinte:

—Berlin é unha illa de enorme vida, onde todo é novo e moderno. En luxo, divertimentos, traballo, políteca, etc., é moi superior a París. Agora desplazouse pr'eiquí o celebro d'Europa. Eiquí estase fraguando unha total renovación, en arte, en literatura en filosofía, en cencia, en moral, en todo. É a vida nova, a mocidade d'un novo mundo, que vai desbotar todal-as ideias e todal-as formas mortas da vella sociedade. Isto qu'eiquí se vé non é podremia nin ancianidade; toda ista gente non son ociosos, senón gente que traballa todo o dia, e agora ven gozar da vida. Non hai dúbida qu'eiquí, a vida eisige moito más esforzo, pro en troque recompensa moito más. Eiquí están resoltos unha chea de probremas qu'antre nós ainda preocupan, coma por eixempro o probremo sexual; na mesma Francia istá iste probremo por resolver. Eiquí hai unha compreta liberdade. O espírito atópase ceibe d'esa preocupación e nasce un novo conceito do mundo, unha nova *Weltanschauung*. O comunismo imporse. Eiquí impõe já; soilo en Berlin, hai preto d'un millón de comunistas. Trunfará como trunfou en Rusia, que vai hoxe á cabeza do mundo. En Hespaña non saben nada de Rusia, somen-

tes as novas que dan os escritores pagados polo capitalismo; eiquí Rusia vémo-la c'outra luz compretamente diferente, e vese o avance gigantesco que representa...

E emprincipian a falar das escolas russas, dos hospitales, das frábicas, de todo... E resulta que Rusia ten todo o maior do mundo: a frábica más grande do mundo, o edificio más grande do mundo, o sanatorio más grande do mundo, etc., etc.

E votan por aquela boca toda a ortodoxia ou heterodoxia marxista, todo o economismo, todo o materialismo histórico, e todos os lugares comuns do socialismo internacional.

O desgosto qu'isto todo me produz engádese á sensación d'abandono e de medo que como a badoco legítimo m'apreeta o corazón dende que cheguei. Rúbeme, cecais do plexo solar, unha tremenda sensación de medo a todo: aos automóveis, aos espazos, á grandura de todo, ao movemento, ao gasto, á soledade, ao idioma, á cencia, á grande vila tentacular e maestrónica. Arrepintome de sair da casa, de deixal-as miñas comodidades, o achego da miña gente, a compañía dos amigos, a tranquilidade da miña vila e da miña casa, a muller, o neno, todo o qu'un quer e o que tanto val... Compénseme unha cousa: o ver com'as miñas ideas vanse afirmando e confirmando espiritualmente; coma eu previno todo, e coma todo o qu'eu pensei comprobábase...

Porque sen dúbida qu'istes amigos, no seu optimismo revolucionario eisageran moiato as cousas; más por moito qu'as eisageren, co que quede de certo hai d'abondo pr'amar a miña visión d'apocalipse.

Despois do café, amóstranme algúns aspetos verdadeiramente pantásticos das rúas de Berlin — Augusta Victoria Platz, Tauenzienstrasse, Kurfürstendamm — alumeadas con luces de coores, anuncios luminosos, toda a pantasmagoria eléctrica ca qu'a gran cibidade disfraza d'irrealidade a sua door de miseria e a sua podremia de negocio. Semeilla un folión de fogo fixo, ten a intensa cintilación lumíneca do dia do Apóstolo en Compostela; crería un qu'ista parte de Berlin istá todal-as noites en festa. Mais non

foi ista noite cando más ademirei iste espetáculo verdadeiramente lindo.

Era tarde, e fóronme levar á Pensión Latina. Eiqui cada un leva as suas chaves, e hai combinacíós de luces que s'alcenden o tempo preciso pra subil-a escaleira. De xeito que abrin a luxosa porta de cristais extraordinariamente forte e pesada, apretei o botón da luz, e subin, xa soilo e cheo de confusión, d'estrano e de medo, abrin a porta d'enriba e precurei a miña vulgarmente coqueta cámara, e deiteime aixiña a durmir. Deus seña loubado, a min ningunha preocupación me tira o sono...

A luz qu'entraba à mañá pol-as duas fenes das sen contras, espertoume aixiña pra o outro día. Estaba descansado, anque mal agusto, e estrangeiro a todo. A man dereita, na mesa de noite, tiña un teléfono pra chamar, que somentes con collelo e erguelo do seu asento, já fai zonar o timbre. Coma non tiña reló, estiven a espreita por s'ouvia dar algún qu'houbera por ali. Por fin, despois de moito, deron as oito nalgúnha torre, e eu fiquei ollando os mobles laqueados de branco e a estufa moi mental, todo tan arranjado e pretencioso, que non podía ser máis. Semelloume cousa d'hespañois que se queren adautar á vida berlinesa, presumindo de cibadans de grande vila e d'estaren afeitos á vida moderna, de saberen tratar coma cousa familiar os teléfonos, a calefacción e demás aparellos.

Ás nove erguinme, laveime, chamei pol-o almorzo, e trouguéronme café, leite, pan, manteiga e compota. Comín todo aquelo, e púxenme a escribir deica que chegaran o Fernández Armesto e más o Tobío.

#### BEI TORNEGG

Chegaron, e coma ja me tiñan precurada unha cámara, pois leváronme a un Banco cambeiar as pesetas por marcos, viñemos despois á Pensión Latina; paguei sete marcos, e logo collimos un taxi, carregamos o meu baúl, e despois á miña nova morada.

É en Waitzstrasse, unha rua ampria, tranquia, silenciosa, asfaltada, con arbres, que sai á Kurfürsteudamm. É un baixo, rente á rúa. Un portal longo que remata n'un patín

interior con arbres e herba, e a mau dereita, unha porta riba de tres gradas metida no escuro. Chamamos e veu abrir a dona, Fran Tornegg, unha judía-divorciada, delgadíña e moi fea, de mediana edade e con algúns cabelos brancos, amábele e falangueira. Eu non lle comprendo nada do que di, e parlamentan iles co-ela: a cámara que me vai dar istá ainda ocupada, de modo e de maniera que, namentras non chega o dia primeiro do mes, estarei n-un comedor, onde me leva, pagándolle d'adianto polos días que fallan, 20 marcos.

O comedor ten duas fenes das de medio corpo á rúa, con dupla vidreira e persianas de pau. Está posto á antiga berlinesa, no que cabe. Empapelado d'escuro con froles, c'unha zona branca por enriba: con listón dourado, e teito branco d'escaiola con escocia e florón no meio. D'il cai unha lámpada eléctrica dourada d'estilo moderno con pantalla de seda. No centro da estanza hai unha gran mesa de comedor Renacimiento, con tapete branco e un floreiro no meio; hai tres cadeiras de rejilla d'outo respaldar, estilo un pouco Luis XIV, un chinero compañaio, unha gran vitrina con catro estantes, onde hai cuncas, candieiros, fruteros, pratos e fontes do século pasado, e algunas outras miudezas. Enriba, unha vulgar lámpada eléctrica d'enxufe, e na parede, duas estampas chinescas. Un sofá que de noite se trasforma en leito, e duas butacas compañaeras, cubertos d'un tecido escuro estilo cubista. Enriba do sofá, hai na parede unha paisaxe ao ólio. N'unha esquina, un moble no que hai un reló antigo, parado; hai outro reló vulgar, que anda, pendurado na parede, na que hai tamén algúns retratos de familia en fotografía. Unha mesiña de té ou costureiro, con tapetillo d'encaixe, un radiador e cortinas d'encaixe e stores. Gran alfombra que cobre o piso inteiro.

É esta unha casa en silenzio, que semella abandoada, e a miña estanza provisoria está de cote chea do bater do reló pendurado, que me lembra a casa d'unha parenta vella d'Ourense ond'iba eu de pequeno.

*(Continuará)*

Apareceu o volume I da "Biblioteca Murguía"

## DE ESTO Y DE LO OTRO

por Roberto Blanco Torres.

Pedidos a NÓS - Hortas, 20 - SANTIAGO

## FOTOGRABADO

Si quer qu'os seus fotografiados sexan o mais perfeito posibles, convenlle envialos aos  
Talleres de fotografiado **ESPASA-CALPE S. A.**

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Droguería e Farmacia

**LUIS FÁBREGA**

Progreso, esquina a Luís Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan  
millor. Véndese en todolos estabre-  
cimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

O movemento demóstrase andando . . .

O galeguismo lendo as publicazóns **NÓS**

## Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA  
DE LOS PROFESORES

**D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva**

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecimiento dotado de todolos elementos que exixen  
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas  
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



## A hixiene nos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meicinás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tecador.

Contribuie ó perfeito desenrollo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN  
LA TOJA**  
**ÚNICO EN EL MUNDO**



O Xabrón da Toxa  
é o mellor.  
Honra á Galicia no  
mundo enteiro

1000



AGUAS DE  
**MONDARIZ**  
Fuentes de GÁNDARA Y TRONCOSO  
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todal-as  
Boticas, Droguerías,  
Hotels,  
Depósitos d'augas  
minerás,  
Restaurans e  
vagós-camas de  
todol-os trés.

Estas augas, de sona universal son  
o remedio enxebre e eficacísimo  
cand'un quer combater o Artritismo,  
a Diabetis, Desnutrizón, Obesidades  
diversas, doenças do Aparello dixes-  
tivo, Anemia e Neurastenia

**Riquisma auga de mesa**  
— gaseada naturalmente —

Mondariz-Balneario, áchase á 35 Km. de Vigo